



O longo do ano en Galicia hai diferentes celebracións onde interven a música. Unhas delas son no nadal, onde diferenciamos tres tipos de cantos: os de Nadal, os de aninovo e os de Reis.

Os cantos máis coñecidos do Nadal galego son as panxoliñas que adoitan falar do nacemento de Xesús.

Como o seu nome indica, os aninovos son cantigas da derradeira noite do ano e do primeiro día de xaneiro. Aínda que a súa temática é variada a maioría fan referencias ao ano que rematou e ao que se espera do que entra.

Outros cantos moi populares no Nadal galego tradicional son os cantos de Reis. O día de Reis os mozos e mozas dun lugar ían cantando polas casas pedindo o aguinaldo, que era un agasallo en forma de comida ou diñeiro.



|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p><b>NADAL EN LUINTRA</b> </p> <p>Cara a belén camiña<br/>unha nena ocupada,<br/>fermosa en canto a ela,<br/>san Xosé a acompaña.</p> <p>chegaron a Belén<br/>e pediron pousada,<br/>responderon de adentro<br/>con voz alborotada:</p> <p>Quen chama a miña porta?<br/>quen a porta me chama?<br/>somos Xosé e María<br/>que pedimos pousada.</p> <p>Se traen cartos que entren<br/>e se non que se vaían.<br/>cartos non traerei<br/>máis que un real de prata.</p> <p>Eses son poucos cartos,<br/>Pidan noutra parte.<br/>San Xosé se apenaba<br/>María o consolaba.</p> | <p>Non te apenes Xosé<br/>non te apenes por nada,<br/>Que máis cartos que queres,<br/>Que isto que me acompaña.<br/>Larala la la la , laralalalalalaa....</p> <p><b>CUN SOMBREIRO DE PALLA</b> </p> <p>Con un sombreiro de palla<br/>un galego a belén foi,<br/>mentrás adouraba o neno<br/>comeulle o sombreiro o boi.</p> <p><b>Deixade os pastores,<br/>deixadeos pasar,<br/>que van a cantar o rei<br/>a Xesús no portall ( bis)</b></p> <p>Nunhas pallas deitadiño<br/>i en coiriños alí está<br/>sendo o dono deste mundo<br/>e señor de canto hai.</p> | <p><b>DESPEDIDA DE ANO VELLO</b> </p> <p>Despedida de ano vello<br/>entradiña de aninovo,<br/>os señores desta casa<br/>as contén con grande gozo.</p> <p><b>Viva a terra dos gaiteiros<br/>Que viñeron a tocar,<br/>Ó neno recién nacido<br/>Entre as pallas do portal.(bis)</b></p> <p><u>Ano novo, vida nova.</u><br/><u>ano novo que traerás.</u><br/><u>ó vello suspiros leva</u><br/><u>ó novo xa os traerá. (bis)</u><br/><u>Ai la lelo ailalalo.</u></p> <p>Ano de festas que naces<br/>O pasado xa pasou<br/>A primaveira enverdece<br/>O xardín que se marchou<br/>Ai la lelo ailalalo.</p> | <p><b>GUEDELLOS DE CABRA</b> </p> <p><b>Cantámosches os reis<br/>Guedellos de cabra,<br/>Cantámosche os reis<br/>Non nos deches nada.(bis)</b></p> <p>Somolos reises do kikiriki<br/>Vamos a ver que nos botan eiquí<br/>Somolos reises do cacaracá,<br/>Vamos a ver que nos botan alá!<br/>Somos os reises da cabra fanada.<br/>Viñemos eiquí... Non nos deron nada.</p> <p><b>Cantámosches os reises ..</b></p> <p>Aquí vimos catro, cantaremos oito<br/>Déanos o aguinaldo, fociño de cocho<br/>ó aguinaldo vimos, ó aguinaldo andamos.<br/>Se nos dan touciño, tamén o levamos.</p> <p>Somolos reises do kikiriki<br/>Se non nos dan nada ...<br/>Cagámoslle eiquí!</p> <p><b>Cantámosches os reises ..</b></p> |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|